

«Areaquente é un anaco de mundos pequenos que están na miña cabeza»



[Jorge Lamas](#) VIGO/LA VOZ. [CULTURA](#)

A autora viguesa recibiu esta semana o Premio San Clemente de literatura galega que elixe un xurado composto por rapaces de institutos de ensinanza secundaria

27 xuño 2010.

A escritora viguesa An Alfaya foi galardoada co Premio San Clemente, na modalidade de literatura galega, pola súa novela **Areaquente** (Sotelo Blanco, 2009). Non é un premio máis. Ten a peculiaridade de que é outorgado polos alumnos de catro institutos de ensinanza secundaria de Galicia.

-¿Sabe mellor un premio outorgado por escolares?

-Todos os premios teñen o seu aquel. Neste caso, cando ti non te presentas, senón que son eles os que escollen os libros e son en principio lectores fundamentados, ten un matiz porque vai directo ao que eles apuntan.

-¿O matiz é maior se por detrás queda un «best seller» coma é «A praia dos afogados»?

-A min ese tipo de apreciacións non me gustan. Nun xurado soberano hai opinións distintas e argumentadas, imaxino, e a maioría decidiu que no caso do galego fose gañador o meu libro. Ademais non hai un enriba do best seller, hai dous porque por diante del quedou **O cabo do mundo**, de Xabier Quiroga. Cada un deles, literariamente, son igual de solventes que o meu. Eu lin os dous, un deles literariamente e bastante potente, que é **O cabo do mundo**, e o outro..., non quero entrar nese debate, pero en calquera caso tivo unha proxección mediática importante. Foron os rapaces os que decidiron que lles interesaba máis nese momento o meu, pero non me gusta o tema de quedar por enriba doutro. Nin por enriba nin por abaixo.

-Areaquente é un lugar imaxinado. ¿É complicado crear un espazo literario?

-Si, de feito, Areaquente é unha personaxe espacial. É a creación e recreación dun espazo físico onde as personaxes físicas vanse desenvolvendo e iso si que é un espazo imaxinario que eu non sei exactamente onde está. Partindo da nada, ti recreas e reinventas ese espazo ideal para que os teus personaxes se movan. É o que necesitou a novela. O que quixen contar está aí, partindo

dos elementos que eu necesitaba. Preferín inventar un espazo novo, no senso de que non existe na realidade, pero que posiblemente estea en calquera sitio. Ata houbo persoas que o identificaron con lugares concretos. Non será a aldea de fulaniño, dicían, e eu dígolles que seguramente non porque eses lugares non os coñezo. Por iso deduzo que será un anaquiño de mundos pequenos que están na miña cabeza.

-Porque é unha novela moi simbólica.

-É unha novela metafórica, simbólica e realista, pero que ten moitos elementos de mestura de presente-pasado-futuro; hai personaxes que deixo no aire para que o lector dubide se están vivos ou mortos. Todo nos traslada a unha realidade un tanto irreal, pero iso tamén é un xogo paraliterario que establece o escritor co lector. Tamén utilizo unha clave de realismo poético, ten algo de realismo máxico.

-E tamén presenta unha visión onírica.

-Si, pero tamén realista. Se o personaxe do fotógrafo é moi real, todos os personaxes corais teñen un mundo que transcende a realidade, hai unha especie de xogo vida-morte que traspasa ao que é real. Hai situacións que chegan a ser conversas entre vivos e mortos, e un ten que entrar no xogo para entender o que está pasando. Son seres físicos que veñen do máis alá para conversar cos vivos.

-¿Inspirouse dalgún xeito en «Pedro Páramo», de Rulfo, ou «O estranxeiro», de Camus?

-Supoño que serían lecturas que tería que ter lido, pero **Pedro Páramo** non o lera. Lino despois. Curiosamente a miña novela antes de **Areaquente** íase chamar **O páramo**, pero alguén recordoume o título de Rulfo. Non lin esa novela ata que rematei a miña. Estou máis influenciada polas lecturas da miña adolescencia e mocidade, como García Márquez; gústame moito o realismo máxico da primeira época, e aínda que non teña moito que ver, hai como unha especie de atmosfera aí de fondo que ten algo dese imaxinario mundo. A Camus, si o lin pero hai moito tempo e, se está, o seu influxo procede do subconsciente.